


Mediante acordo do Consello de Goberno do 5 de maio de 2011 aprobouse a oferta de prazas dos másteres universitarios oficiais para o curso 2011-2012, na que se establecían distintas cotas de prazas e distintos requisitos de admisión en función dos diferentes másters.

Tendo a necesidade de realizar os axustes oportunos para garantir uns criterios mínimos na oferta de prazas e nos requisitos de admisión que permitan xestionar este proceso, o Consello de Goberno autorizou á Vicerreitora de Estudos de Grao e Posgrao para que ditase a resolución correspondente que permitira subsanar todas aquelas cuestións necesarias para a execución deste proceso de admisión aos másters universitarios oficiais.

Por todo ilo, esta Vicerreitoría RESOLVE,

PUNTO ÚNICO.- Actualizar e/ou modificar as condicións de admisión nos másteres que figuran no ANEXO de acordo coa normativa da USC.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2011  
A Vicerreitora de Estudos de Grao e Posgrao



  
Eva Castro Caridad

Sra. Secretaría Xeral, Sras./Sres. Coordinadores de Másteres Universitarios, Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sra. Directora da Oficina de Información Universitaria.

## ANEXO

En todos os másteres nos que figura que ofertarán as vacantes ata o 15 de outubro, elimínase esta información, xa que no calendario definitivo para a matrícula nos másteres universitarios estableceuse que o prazo se podería ampliar ata o 14 de outubro, a petición das comisións académicas.

### *Másteres con límite de prazas e criterios xerais:*

#### **1. Máster Universitario en Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural**

Non pode figurar como condición de acceso o dispoñer dunha titulación universitaria e máis un máster oficial de 60 créditos, polo que se suprimen as seguintes titulacións de preferencia:

1. Enxeñaría Técnica Agrícola con master oficial de 60 créditos
1. Enxeñaría Técnica Forestal con master oficial de 60 créditos
1. Enxeñaría Técnica Topográfica con master oficial de 60 créditos.
2. Enxeñaría Técnica Industrial con master oficial de 60 créditos.
2. Enxeñaría Técnica de Obras Públicas con master oficial de 60 créditos.
2. Arquitecto Técnico con master oficial de 60 créditos.

#### **2. Máster Universitario en Estudos Ingleses: Tendencias actuais e aplicacións**

Dentro das titulacións de preferencia deberá engadirse un 5º grupo:

5) Outras titulacións das Rama de **Artes e Humanidades** e de **Ciencias Sociais e Xurídicas** con coñecemento de inglés escrito e falado (nivel C2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas).

#### **3. Máster Universitario en Investigación en Tecnoloxías da Información**

Este máster non se ofertará no caso probable de obterse a verificación do Máster en Tecnoloxías da Información. En todo caso as titulacións de acceso, conforme á memoria son:

Licenciatura/grao en Física, Matemáticas e Informática. Graos/Enxeñarías en Electrónica, Industrial, Informática, Telecomunicacións, Automática e Electrónica Industrial.

#### **4. Máster Universitario en Tecnoloxías da Información**

As condicións de admisión que deben figurar son:

#### **TITULACIÓN DE ACCESO**

##### **Niveis preferentes**

1. Grao en Enxeñaría Informática / Graos que verifiquen os criterios do ap. 4.2.1 da Resolución 8/06/09 da Secretaría General de Universidades (SGU) / Enxeñeiro/Licenciado en Informática

2. Títulos que verifiquen os criterios do ap.4.2.2 da Resolución 8/06/09 da SGU
3. Enx. Técnico en Informática de Sistemas / Enx. Técnico en Informática de Xestión
4. Outras Enxeñaría na rama de Arquitectura e Enxeñaría /Graos- Licenciaturas da rama de CC. Experimentais

Prazas ordinarias: 18 / Prazas estranxeiros: 2 / Total: 20 prazas

Cota prazas a tempo parcial: 5

**5. Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas (pendente de verificación)**

As condicións de admisión neste máster serán:

**Titulacións por orde de preferencia:**

1. Titulados en Turismo (10 prazas)
2. Resto das titulacións (15 prazas)

Prazas ordinarias: 20 / Prazas estranxeiros: 5 / Total: 25

Cota prazas a tempo parcial: 3

***Másteres con límite de prazas e criterios específicos:***

**1. Máster en Agricultura, Gandeiría e Silvicultura Ecolóxicas**

As condicións de admisión neste máster serán:

**Titulacións por orde de preferencia:**

Enx. Agrónomo, Enx. de Montes; Licenciados en Veterinaria, en Biología, en Ciencias Ambientais, en Económicas, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, en Socioloxía, en Historia, en Humanidades, en Antropoloxía Social e Cultural, en Xeografía; Enx. Técnica Agrícola (todas as especialidades), Enx. Técnica Forestal (todas as especialidades).

**Criterios de selección:**

1. Valoración do expediente académico obtido polo aspirante (nota media, valor 33.3 % da calificación total)
2. Posesión de titulacións e en xeral de formación en materias afíns ao Master (33,3 %)
3. Valoración da experiencia profesional ou de investigación que o aspirante poida acreditar en materias afíns ao master (33,3%)
4. Dominio independente nivel B1, segundo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, da lingua inglesa.

## **Máster Universitario en Arquitectura da Paisaxe "Juana de Vega"**

O Consello de Goberno da USC, na súa reunión do 27/05/2010 (1), acordou retirar dos criterios de selección o da entrevista persoal. Por este motivo, neste máster a puntuación de *Outros méritos-entrevista persoal* (10% do total do baremo) non poderá asignarse á entrevista persoal, senón a outros conceptos que considere a comisión académica ademais do expediente académico, experiencia profesional, etc.

### **2. Máster Universitario en Bioloxía Mariña (pendente de verificación)**

As condicións de admisión neste máster serán:

#### **Titulacións por orde de preferencia:**

1) Bioloxía, Ciencias do Mar

2) Resto de titulacións da Rama de Ciencias, titulacións da Rama de Ciencias da Saúde

Prazas ordinarias: 8 / Prazas estranxeiros: 2 / Total: 10 prazas na USC

Cota prazas a tempo parcial: 2

### **3. Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e do Desenvolvemento**

O Consello de Goberno da USC, na súa reunión do 27/05/2010 (1), acordou retirar dos criterios de selección o da entrevista persoal. Por este motivo, neste máster a puntuación de *Outros méritos-entrevista* (10% do total do baremo) non poderán asignarse á entrevista persoal, senón a outros conceptos que considere a comisión académica ademais do expediente académico, experiencia profesional, etc.

### **4. Máster Universitario en Investigación Biomédica**

O Consello de Goberno da USC, na súa reunión do 27/05/2010 (1), acordou retirar dos criterios de selección o da entrevista persoal. Por este motivo, neste máster a puntuación de *Entrevista persoal coa Comisión Académica* (34% do total do baremo) deberá asignarse a *Outros Méritos* que considere a comisión académica ademais do expediente académico (experiencia profesional e investigadora, coñecemento de idiomas, etc.)

### **5. Máster Universitario en Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Psicoloxía Xurídica-Forense e Intervención Social**

As condicións de admisión serán as seguintes:

#### **Non se propoñen titulacións de preferencia. No seu defecto ponderaranse os méritos:**

Os méritos específicos dos apartados 1, 2 e 3 do apartado **Criterios de selección**, cando proceda, ponderaranse multiplicando por tres (3) os que se relacionen coa titulación do nivel 1. de acceso (Psicoloxía), por dous (2) coas titulacións do nivel 2. de acceso e por un (1) coas titulacións dos niveis 3. e 4.

Ver seguidamente a táboa de titulacións por niveis:

- 1) Licenciados e graduados en Psicoloxía
- 2) Titulados en Ciencias Empresariais, Educación Social, Graduado Social, Relacións Laborais, Traballo Social, Administración e Dirección de Empresas, Ciencias do Traballo, Xestión e Administración Pública, Ciencias Políticas e da Administración, Criminoloxía, Dereito, Investigación e Técnicas de Mercado, Pedagogía, Psicopedagogía e Socioloxía
- 3) Resto de titulacións de Ciencias Sociais e Xurídicas
- 4) Titulacións de Ciencias da Saúde

**Criterios de selección:**

1. Expediente académico: 60%
2. Experiencia profesional: 15%
3. Experiencia investigadora: 15%
4. Outros (idiomas, outras titulacións afíns, etc.): 5%

**6. Máster Universitario en Xestión Pública**

O Consello de Goberno da USC, na súa reunión do 27/05/2010 (1), acordou retirar dos criterios de selección o da entrevista persoal. Por este motivo, neste máster a puntuación de *Entrevista persoal* (25% do total do baremo) deberá asignarse a *Outros méritos* que considere a comisión académica ademais do expediente académico, experiencia profesional, etc.

**7. Máster Universitario en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio**

O Consello de Goberno da USC, na súa reunión do 27/05/2010 (1), acordou retirar dos criterios de selección o da entrevista persoal. Por este motivo, neste máster a puntuación de *Outros méritos-entrevista persoal* (40% do total do apartado Outros méritos) deberá asignarse a *Outros méritos* que considere a comisión académica.

**(1) Acordo do CG do 27/05/2010:**

"2) Recomendar e retirar a realización dunha entrevista nas propostas de criterios específicos que o contemplan, o que non impediría que se esixise para a admisión na etapa de investigación do programa de doutoramento (etapa de tese)."